

ESTREA EN NUMAX: 10.05.2026 | V.O. | 79 min

“A procura da flor de Irupé”, película perdida de Guillermo Fernández-Zúñiga, pioneiro español do cinema científico, dá inicio a unha viaxe a través de historias familiares e arquivos nacionais. A medida que o yrupé medra lentamente, emerxen capas de imaxes e silencios. O xurado do Premio Latexos do Festival Novos Cinemas, entre o que se atopa NUMAX, describiu a obra como un “exercicio sensible de reconstrución da memoria”.

O pase contará con presenza da directora, Candela Sotos, e inclúese na xira de difusión do Premio Latexos edición 10 (Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra).



Os descoñecidos pioneiros do cinema español

Por Miguel Martín Maestro

Yrupé é o nome dunha planta acuática que, traducido do guaraní, equivalería a “o prato que leva auga”, unha especie de nenúfar que florece de noite unha vez ao ano e que, xerminando no leito de augas cálidas, vai crescendo en busca da luz, xerando uns talos e bordos espiñentos autoprotectores. Documental científico? Non exactamente, aínda que tamén. A directora é sobriña-neta de Guillermo Fernández Zúñiga, un pioneiro do cine español científico que xa nos anos 50 filmou unha película, “A flor de Irupé”, onde se facía eco de lendas indíxenas enlazándoas coa súa paixón polo coñecemento e a divulgación. A historia de Fernández Zúñiga é a de tantos intelectuais españois dos anos 30, visionarios dun país modernizado e con amplas marxes de mellora cultural xeral, defensores dos ideais republicanos, partícipe das misións pedagóxicas e convencido das posibilidades que ofrecía o cinema para mellorar a educación e cultura das zonas máis atrasadas do país. É un de tantos nomes sepultados pola desmemoria, cuxo legado previo á Guerra Civil foi destruído e apenas se conserva, e cuxo fondo documental cedido á Fimoteca Española conta cun impedimento de acceso, non pode utilizarse con fins revanchistas por expreso desexo da familia.

O transcendental da figura de Zúñiga era o seu propósito divulgador, o seu afán de coñecer e transmitir o coñecemento adquirido para que a base social puidese formar un espírito crítico individual. E isto tradúcese nas imaxes de Sotos: o científico e o divulgador van da man coa procura e a consulta dos arquivos de Zúñiga, arquivos de acceso limitado e aínda pendentes de clasificación (hai frases nas conversas cos encargados da custodia do material moi reveladoras das carencias sistémicas deste país en materia cultural); as notas biográficas do científico-cineasta acompañanse con material fotográfico das súas actividades de ensino e as súas vivencias bélicas e posbélicas, entre as que se intercalan as súas fotografías botánicas e de insectos. A sempre leva a B, e B nunca esquece a A: educación, cultura, divulgación, ciencia, coñecemento, transmisión, humildade no saber cuxo camiño se viu interrompido e desviado polos conflitos do século XX, pero que sempre foi horizonte da súa actividade.

O fío condutor non pode ser outro que Irupé, a planta, e aquí é onde Candela Sotos sabe unir pasado con presente, o legado do científico co presente da divulgación e a experimentación. Unha pequena semente seleccionada, un acuario con auga cálida e estancada, unha reprodución científica dun hábitat necesario para xerminar e desenvolverse como metáfora da educación, facer partícipe da orixe para ser consciente da formación, propoñer un coñecemento para instaurar a ansia de saber máis. A película reproduce o acontecemento científico en todo o seu desenvolvemento cun coidado e preciso uso da imaxe, que, de tanto achegarse aos elementos da planta, queda transformada nun ente surreal que asimila as imaxes ao cinema experimental pola indefinición de formas e cores (na memoria Hollis Frampton, Jordan Belson ou pioneiros como Ruttmann ou Harry Smith). Non é o obxecto o distorsionado, senón a proximidade a que achega aspectos que o ollo, por si só, non pode ver. A película non esquece tampouco as relacións do científico con outros colegas, a súa procura de lugares onde filmar e mostrar aquilo que quere divulgar e, ao final, o gran achado. É verdade, pode haber trampa porque previamente se nos dixo que só se conservaban fotografías de “A flor de Irupé”, unha das razóns coas que comeza a película como elemento de investigación, unha lenda guaraní transformada en belísimas imaxes de danza e natureza polo propio Zúñiga, e cuxo descubrimento e restauración no Museo do cine de Arxentina permítenos gozar da faceta de ficción dos últimos minutos de película, onde aparcando o científico mergullámonos no concepto máxico de cinema, na inmensidade da creación artística da man dunha persoa que merece ser redescuberta e reivindicada, que soubo ver o enorme potencial educativo e creativo do cine.